



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DE DETERMINADAS ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DOS RECURSOS ZOOXENÉTICOS AUTÓCTONOS DE GALICIA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014_2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar coa Fundación Semana Verde de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, o día 3 de xuño de 2016, ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Semana Verde de Galicia para a execución de determinadas actividades de promoción dos recursos zooloxénéticos autóctonos de Galicia en perigo de extinción.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Fundación Semana Verde de Galicia é unha institución sen fin de lucro, creada no 1991 e declarada de interese galego. Leva apostando polo sector gandeiro dende hai décadas e particularmente polas razas autóctonas en perigo de extinción e os seus produtos, polo gran interese que estes suscitan, conformando un efectivo espazo de promoción durante a celebración anual da Feira Internacional Semana Verde de Galicia así como noutros eventos profesionais dirixidos ao sector agrogandeiro. Tendo en conta que a estratexia a aplicar de acordo coa citada Submedida é o fomento do emprego comercial dos recursos xenéticos, como elemento clave para a súa conservación, non existe en Galicia un escaparate comercial mellor.

A Consellería do Medio Rural pretende asinar un convenio de colaboración coa Fundación Semana Verde de Galicia, para levar a cabo actividades complementarias de carácter divulgativo e de promoción das razas autóctonas e os seus produtos. Deste xeito, por un lado chegarán a un gran número de persoas, non só do público en xeral, senón profesionais e organismos do sector, e por outro, a Semana Verde contará cun aliciente máis que engadir para garantir unha maior afluencia



aos seus eventos.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. A promoción de programas de conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia reúne as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, polo que se entende a procedencia da sinatura deste convenio.

Os obxectivos do presente convenio e as actuacións a desenvolver se axustan perfectamente aos fins e obxectivos da Fundación, tal e como se recolle nos seus estatutos. Ademais, estes obxectivos son compartidos coa consellería do Medio Rural como se desprende do artigo 16.2 do DECRETO 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

Como tal convenio, este estaría suxeito aos principios recollidos na lei de contratos, entre eles ao de concorrência. Non obstante, o obxecto deste convenio fai imposible a efectividade deste principio neste caso. Non é posible promover a concorrência pública pola especificidade das características que deben cumprir as actividades a desenvolver no convenio. Estas requiren dunha infraestrutura, instalacións, equipamentos e loxística moi esixentes e específicos, cos que actualmente en Galicia só conta a Fundación Semana Verde. Ademais, cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo a natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asinase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de xullo de 2016

A directora xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Asinada dixitalmente,

Belén María do Campo Piñeiro

